

FORMULARIO BÁSICO DE EXCEL PARA FINANZAS

IMPORTANTE: A información preséntase coa seguinte estrutura:

NOME EN ESPAÑOL DA FUNCIÓN / NOME EN GALEGO DA FUNCIÓN (argumentos da función). Descrición da función.

FUNCIONES FINANCEIRAS

INT.EFECTIVO / EFECTO (taxa nominal; nper). Devolve a taxa de xuro anual efectiva a partir dunha taxa nominal. O número de períodos, que se denomina sempre "nper", nesta función fai referencia o número de períodos por ano.

NPER / NPER (taxa; pagamento; va). Devolve o número de pagamentos dunha renda, de fluxos constantes e periódicos, unha taxa de xuro constante e un valor actual, que se denomina sempre "va".

PAGO / PGTO (taxa; nper; va). Devolve o pagamento constante correspondente a unha renda de n períodos, á taxa especificada e cun determinado valor actual. Calcula, por exemplo, a cota (amortización + xuro) dun préstamo baseado en pagamentos e taxa de xuro constantes.

PAGOINT / PGTOXUROS (taxa; período; nper; va). Calcula o xuro do momento (período), pagado por un préstamo de importe igual a valor actual "va" de cotas constantes, dada unha taxa de xuro e un prazo (nper).

PAGOPRIN / XSPGTO (taxa; período; nper; va). Calcula o importe da amortización do capital no momento (período), dun préstamo de importe igual a "va" de cotas constantes, dada unha taxa de xuro e un prazo (nper).

TASA / TAXA (nper; pagamento; va). Devolve a taxa de xuro por período dun préstamo ou un investimento, sendo o fluxo de caixa que xera constante.

TASA.NOMINAL / NOMINAL (taxa efectiva; nper). Devolve a taxa de xuro nominal anual a partir dunha taxa efectiva. Nesta función o número de períodos é por ano.

TIR / TID (rango celas onde se atopan os valores). Calcula a Taxa interna de retorno (custo efectivo) dun investimento (préstamo) cuxos fluxos de caixa (pagamentos) están especificados no rango de celas indicado.

TIR.NON.PER / XTIR (rango celas fluxos; rango celas períodos). Calcula a taxa interna de retorno dunha corrente de fluxos de caixa non periódicos.

TIRM / MIRR (rango de fluxos; taxa financiamento; taxa reinvestimento). Calcula a taxa interna de retorno modificada, utilizando unha taxa de reinvestimento para a capitalización de fluxos positivos e unha taxa de financiamento para descontar os fluxos negativos.

VA / VA (taxa; nper; pagamento). Devolve o valor actual dun conxunto de pagamentos constantes, a unha determinada taxa e un determinado nº de períodos.

VNA / VAL (taxa; rango celas onde se atopan os valores). Calcula o valor actual, segundo unha determinada taxa de desconto, dunha serie de fluxos futuros periódicos, especificados no rango de celas indicado.

VNA.NO.PER / XVPL (taxa; rango celas fluxos; rango celas períodos). Determina o valor actual dunha serie de fluxos de caixa non periódicos.

OUTRAS FUNCIONES:

ABS / ABS (número). Devolve o valor absoluto dun número.

ALEATORIO / ALEATORIO (). Devolve un número aleatorio entre 0 e 1, que cambia ao actualizarse a folia. Non ten argumentos.

ALEATORIO.ENTRE / ALEATORIOENTRE (valor inferior; valor superior). Devolve un número aleatorio entre dous valores. Este número cambia cada vez que se actualice a folia, coa particularidade de garantir que, en caso de repetir moitas veces a operación, os resultados distribuíríanse seguindo unha distribución uniforme.

BUSCARV / BUSCARV (valor buscado; matriz na que buscar; indicador de columna; "ordenado"). Busca un valor na primeira columna da matriz indicada e, unha vez identificada a fila na que se atopa ese valor, devolve o valor que se atopa na cela da mesma fila pero na columna indicada no terceiro argumento. Se buscamos coincidencia exacta o cuarto argumento é "FALSO". BUSCARH realiza a mesma tarefa nunha procura horizontal.

COEF.DE.CORREL / CORREL (matriz1; matriz2). Determina o coeficiente de correlación de dúas series de datos, que se atopan, respectivamente, no rango de celas das matrices 1 e 2 indicadas.

COEFICIENTE.R2 / RCAD (coñecido_e; coñecido_x). Devolve o cadrado do coeficiente de correlación de momento do produto Pearson mediante os puntos de datos de coñecido_e e coñecido_x. O valor R cadrado pode interpretarse como a proporción da varianza de e que pode atribuírse á varianza de x.

COINCIDIR / CORRESP (valor buscado; matriz buscada; tipo de coincidencia). Devolve a posición ocupada por un determinado valor dentro do rango de celas especificado. O tipo de coincidencia pode ser: -1: Menor que; 0: coincidencia exacta; 1: Maior que).

CONTAR / CONTAR (rango celas). Conta o número de celas dun rango que conteñen números.

CONTAR.SI / CONTARSE (rango fluxos; condición a cumprir). Conta as celas no rango que coinciden ou cumpren o criterio indicado.

COVARIANZA.M / COVARIANZA.P (matriz1; matriz2). Determina a covarianza ou media dos produtos dos desvíos dos pares de puntos de datos en dous conxuntos situados nos rangos que indican as matrices 1 e 2.

DESREF / DESPRAZAMENTO (cela referencia; filas; columnas). Devolve o valor situado nunha determinada posición dunha táboa, concretamente o que se atopa na posición á que se chega partindo da "cela referencia", e contando o número de filas indicado cara abaixo e o número de columnas indicado cara á dereita.

DESVEST.M / DESVEST.M (valores). Calcula o desvío estándar en función dunha mostra.

DESVEST.P / DESVEST.P (valores). Calcula o desvío estándar en función da poboación total proporcionada como argumentos.

DISTR.NORMAL / DISTR.NORM (valor; media desv.típica; acumulado). Devolve a probabilidade dun determinado valor dunha distribución normal dada a media e o desvío típico desta.

ELIGIR / ESCOLLER (num. índice; valor1; valor2;...). Devolve un valor ou unha acción dunha lista de valores a partir dun "número de índice".

ENTERO / ENT (número). Arredonda un número ata o enteiro inferior máis próximo.

ESTIMACION.LINEAL / ESTLIN (coñecido_y; coñecido_x; constante; estatística). Calcula as estatísticas dunha liña utilizando o método dos "mínimos cadrados", para calcular a liña recta que mellor se axuste aos datos e, a continuación, devolve unha matriz que describe a liña. ►►

- FIN.MES / FINMES (data inicial; meses).** Devolve o número de serie do último día do mes antes ou despois do número especificado de meses.
- INTERSECCION.EJE / INTERSECCIÓN (coñecido_y; coñecido_x).** Calcula o punto no que unha liña cortará o eixo Y utilizando os valores X e Y existentes. O punto de intersección baséase no mellor axuste da liña de regresión trazado cos valores X e os valores Y.
- JERARQUIA / RANGO (número; referencia; orden).** Devolve a posición que ocupa un determinado valor na xerarquía dos datos que se atopan no rango de celas. Se a xerarquía se quere ordenar de forma descendente, o último argumento será un 0.
- K.ESIMO.MAYOR / MAIOR (matriz; posición).** Devolve o valor que está na "posición" indicada entre os valores dunha "matriz".
- MAX / MAX (rango celas).** Devolve o valor máximo de entre os valores do rango de celas especificado.
- MEDIA.GEOM / MEDIAXEO (número1; número2;...).** Devolve a media xeométrica dunha matriz ou rango de datos positivos.
- MIN / MIN (rango celas).** Devolve o valor mínimo de entre os valores do rango de celas especificado.
- MINVERSA / MINVERSA (matriz).** Devolve a matriz inversa dunha matriz dentro doutra matriz. Ao ser unha función matricial primeiramente débese seleccionar o rango da matriz inversa, introducir a función e validar pulsando tres teclas á vez: Maiúsculas, Control e Enter.
- MMULT / MMULT (matriz1; matriz2).** Devolve o produto matricial de dúas matrices. Ao ser unha función matricial primeiramente débese seleccionar o rango da matriz produto, introducir a función e validar pulsando tres teclas á vez: Maiúsculas, Control e Enter.
- PENDIENTE / INCLINACION (coñecido_y; coñecido_x).** Devolve a inclinación dunha liña de regresión lineal dos puntos dados. Os argumentos indican, respectivamente, o rango da variable dependente e o rango da variable independente.
- PERCENTIL / PERCENTIL (rango; porcentaxe).** Devolve o valor entre os indicados no rango, que deixa por baixo deste a probabilidade indicada na porcentaxe. Se no canto da porcentaxe se indica o seu complementario (1-porcentaxe), o resultado é a cifra que é superada pola porcentaxe indicada.
- PROMEDIO / MEDIA (número1; número 2; ...).** Devolve a media ou media aritmética dos argumentos, que poden ser números, nomes, matrices ou referencias que conteñan números.
- RAIZ / RAÍZC (número).** Devolve a raíz cadrada dun número.
- REDONDEAR / ARREDONДАР (número; nº de decimais).** Devolve o valor arredondado dun número ao número de decimais especificado.
- SI / SE (proba lóxica; valor_se_verdadeiro; valor_se_falso).** Comproba se se cumpre unha condición e devolve un valor se esta se cumpre (se se avalía como "verdadeiro") e outro valor se non se cumpre (se se avalía como "falso").
- SI.ERRO / SEERRO (valor; valor_se_erro).** Devolve o valor indicado se non é un erro e o "valor se erro" no caso de que o valor sexa un erro.
- SUMAPRODUCTO / SUMARPRODUTO (matriz1; matriz2).** Devolve a suma dos produtos dos valores situados nos rangos ou matrices indicadas nos argumentos.
- SUMAR.SI / SUMARSE (rango; criterio).** Devolve a suma das celas do rango que cumpren determinado criterio ou condición.
- SUMAR.SI.CONJUNTO / SUMARSECONXJUNTO (rango_suma; rangocriterio1; criterio1; ...).** Devolve a suma das celas do rango que cumpren simultaneamente un determinado conxunto de condicións ou criterios.
- TEXTO / TEXTO (valor; formato).** Transforma un valor en texto, cun formato de número específico.
- TRANSPONER / TRASPOR (matriz).** Devolve a matriz trasposta doutra. Ao ser unha función matricial primeiramente débese seleccionar o rango da matriz trasposta, introducir a función e validar pulsando tres teclas á vez: Maiúsculas, Control e Enter.
- VAR.S / VAR.S (número).** Calcula a varianza en función dunha mostra.
- VAR.P / VAR.P (número).** Calcula a varianza en función da poboación total.

FERRAMENTAS E UTILIDADES EXCEL

- Buscar objetivo / Atinxir obxectivo.** Permite identificar o valor dunha variable, que fai que unha fórmula tome un valor determinado.
Menú "Datos" → "Análises de hipóteses" → Atinxir obxectivo
- Formatación condicional.** Permite darlle un determinado formato a todas as celas que cumpran unha determinada condición.
Menú "Inicio" → Formatación condicional
- Formato personalizado de número.** Permite indicar un formato concreto a unha cela.
Menú "Inicio" → Ficha "Número" → Categoría "Personalizada"
- Gráficas.** As gráficas permiten visualizar de forma máis clara uns datos ou a evolución destes seguindo un determinado criterio, por exemplo, a súa variación no tempo. As máis empregadas son as de columnas (e columnas 3D), liñas, sectores, barras (e barras tipo tornado), área e dispersión.
Menú "Inserir" → Gráficas
- Solver.** Permite buscar obxectivos (de forma similar á ferramenta Atinxir obxectivo) pero modificando máis dunha cela e dadas unhas restricións que cumprir. Solver é un suplemento de Excel que debe cargarse dende o menú "Suplementos" dentro das Opcións de Excel que atoparemos no menú "Ficheiro". Unha vez cargado sitúase no menú Datos, onde poderemos atopalo a partir de entón á dereita do cadro de menú.
Menú "Datos" → Solver (previamente cargado)
- Solver Table (Row input cell; Colum input cell).** Suplemento de Excel que realiza unha análise de sensibilidade para un modelo de optimización. Unha vez establecido un rango de posibles datos aplica Solver a cada un deles e devolve os resultados a unha táboa.
- Táboa.** Permite recalcular unha determinada fórmula con diferentes valores para un determinado input ou para dous inputs de forma simultánea. No primeiro caso, os inputs da cela que varía poden estar nunha columna ou nunha fila, no segundo caso, estaremos a traballar cunha táboa de dobre entrada.
Menú "Datos" → Análises de hipóteses → Táboa de datos
- Validación de datos.** Permite establecer nunha cela restricións en canto á información que pode conter, de forma que se se introduce un dato que non cumpre a condición establecida, Excel avisará do erro. Isto evita que se realicen cálculos con datos incorrectos.
Menú "Datos" → Validación de datos